



I.E.S. CASTRO ALOBRE (Vilagarcía de Arousa)

CRITERIOS AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

CURSO 2023/24



Versión: 2023-24

Historia da filosofía (2º Bacharelato)

- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

1.As probas escritas co formato da proba de acceso á universidade suporán o 80 % da cualificación global (ata 8 puntos, realizarase como mínimo un exame por trimestre, en caso de facer dous exames a nota obterase facendo a media aritmética das dúas probas).

2. Os traballos individuais ou en grupo que se propoñan suporán un 20% na cualificación. Poderán realizarse varios por trimestre e a súa puntuación será acumulativa. As entregas de traballos serán pedidas para facer en clase ou na casa de maneira escrita ou a través da aula virtual. Serán tarefas orientadas á preparación dos exames e/ou de investigación: principalmente comentarios de texto, esquemas, redactar temas... Valorarase que os traballos teñan unha calidade acorde co pedido e descartarse calquera traballo que sexa mera copia de traballos de outros ou contidos collidos de libros ou da internet. Estes traballos de investigación e de carácter preparatorio para o exame poderán ter unha parte da nota vinculada a súa exposición oral diante da clase.

Todos estes criterios serán avaliados mediante rúbrica con indicadores claros diferenciados, comprensibles e traballados na aula co o alumnado.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais tomadas estas con dous decimais, Á nota de cada avaliación aplícanse as seguintes regras de redondeo:

- (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5).
- (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Criterios de recuperación:

Con anterioridade a avaliación final o alumnado que non acade o 5 de nota media final poderá realizar un exame final que terá unha estrutura semellante aos realizados durante o curso e que versará sobre aquelas partes da materia non superadas.

O alumnado que suspenda na convocatoria ordinaria poderá realizar un exame extraordinario de recuperación que terá unha estrutura semellante aos realizados durante o curso e que versará sobre os estándares de aprendizaxe traballados nos exames segundo o modelo das probas ABAU. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado desta proba escrita, aplicando ao resultado final o redondeo xa detallado na programación. O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

Psicoloxía (2º Bacharelato)

- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Dous factores aconsellan que o peso de cada actividade en cada avaliación non sexa o mesmo. En primeiro lugar o propio currículo da materia ten a súa parte máis abstracta e teórica nos dous primeiros bloques; e en segundo lugar a propia dinámica de 2º de bacharelato fai que o último trimestre sexa curto e moi cargado de traballo para o alumnado. Polo tanto a nosa proposta é ir diminuindo o peso das probas escritas e maximizando ó dos traballos grupais e individuais do seguinte modo:

Primeira avaliación:

Realización dunha ou dúas probas escritas (que farán media entre si, no seu caso): 50% da nota

Traballos individuais e/ou traballo grupais: 50% da nota

No apartado de traballos poderá haber traballos para entregar nunha data concreta e tamén traballos para realizar na aula e entregar ou ben expoñer durante a propia clase.

Segunda avaliación:

Realización dunha ou dúas probas escritas (que farán media entre si, no seu caso): 40% da nota

Traballos individuais e/ou grupais: 60% da nota.

No apartado de traballos poderá haber traballos para entregar nunha data concreta e tamén traballos para realizar na aula e entregar ou ben expoñer durante a propia clase.

Nos traballos de carácter temático -un grupo ou alumno/a que trata un tema polo miúdo- se poderá establecer un calendario de realización de actividades na aula con control periódico avaliable por parte do profesor.

Terceira avaliación:

Realización de esquemas preparatorios do proxecto de final de curso: 30% da nota

Traballos individuais e/ou grupais:

70% da nota

Nesta terceira avaliación o traballo terá o carácter de proxecto de final de curso, no cal o alumnado, coa elección do tema e o seu desenvolvemento, mostrará a súa comprensión global da materia e a integración dos coñecementos e destrezas adquiridas ao longo de todo o curso. Nos traballos de carácter temático -un grupo ou alumno/a que trata un tema polo miúdo- poderase establecer un calendario de realización de actividades na aula con control periódico avaliable por parte do profesor/a.

Nota final:

A nota final calcularase facendo a media da nota obtida en cada avaliación con dous decimais. Será necesario acadar un cinco ou máis para obter o aprobado.

Recuperacións:

Antes da avaliación final cada alumno/a poderá facer un exame de recuperación daquelas avaliacións que teña suspensas. A nota obtida fará media coas avaliacións xa aprobadas para acadar a nota final.

Aqueles alumnos/as que non acaden o 5 na nota final de xuño terán que realizar o exame extraordinario (ou actividade análoga que marque a normativa) nas datas marcadas polo centro, o cal estará referido aos estándares de aprendizaxe traballados durante o curso.

Filosofía (1º Bacharelato)

Os criterios de cualificación serán os seguintes: 1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (exames, probas escritas de lecturas, comentario de texto, composición, argumentación escrita ou oral...), suporá o 80 % da cualificación global (ata 10 puntos, media aritmética de dúas probas por trimestre). Esta proba será traballada tamén nas táboas de indicadores. Salvo en temas cun carácter máis práctico, estas probas terán a seguinte estrutura:

- Parte I (3.5 puntos): 14 preguntas tipo test con 3 respostas, unha das cales é correcta e 2 incorrectas. 2 respostas erróneas restarán una correcta.

- Parte II (3.5 puntos): 7 preguntas de resposta curta. - Parte III (3 puntos): 2 preguntas de desenvolvemento ou 1 comentario de texto.

2. O traballo de clase contará un 10%. Este traballo consistirá na realización de cuestionarios, comentarios, etc.

3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 10%.

4. As actividades voluntarias (lecturas e traballos na aula virtual) servirán para redondear ou/subir a nota. En caso de que nalgunha unidade non se fagan probas/actividades das precisadas nos apartados 2,3,4 anteriores, a súa porcentaxe irá destinada a proba escrita.

Todos estes criterios serán avaliados mediante rúbrica con indicadores claros diferenciados, comprensibles e traballados na aula co o alumnado. A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais. Á nota de cada avaliación se lle aplican as seguintes regras de redondeo:

- (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5).
- (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Criterios de recuperación: O procedemento de recuperación será por trimestre a través da posibilidade refacer traballos non superados ou unha proba, a determinar polo profesorado do departamento no caso de ter que ter en conta algunha cuestión concreta para favorecer a adaptación ao alumnado. Cando un alumno/a teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos das unidades correspondentes.

A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.

Logo da avaliación final do período ordinario ata o remate do período lectivo o alumnado terá dereito a preparar e realizar unha proba extraordinaria en xuño no caso de non ter superada algunha das avaliación ou todas suspensas. O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía (aplicarase ao resultado final o redondeo xa detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

Antropoloxía (1º Bacharelato)

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- Durante o primeiro e o segundo trimestre (70% da nota do curso):

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (exames, probas escritas de lecturas, comentario de texto, composición, argumentación escrita ou oral...), suporán o 80 % da cualificación global (ata 10 puntos, media aritmética de dúas probas por trimestre). Estas probas serán traballada tamén nas táboas de indicadores.

Salvo en temas cun carácter máis práctico, estas probas terán a seguinte estrutura:

- Parte I (3.5 puntos): 14 preguntas tipo test con 3 respostas, unha das cales é correcta e 2 incorrectas. 2 respostas erróneas restarán una correcta.

- Parte II (3.5 puntos): 7 preguntas de resposta corta.

- Parte III (3 puntos): 2 preguntas de desenvolvemento ou 1 comentario de texto.

2. O traballo de clase contará un 10%. Este traballo consistirá na realización de cuestionarios, comentarios, etc.

3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 10%.

4. As actividades voluntarias (lecturas e traballos na aula virtual) servirán para redondear ou/subir a nota. En caso de non facerse probas/actividades das precisadas nos apartados 2,3,4 anteriores, a súa porcentaxe irá destinada a proba escrita.

- No último trimestre farase un traballo de campo que suporá un 30% da nota total do curso. Todos estes criterios serán avaliados mediante rúbrica con indicadores claros diferenciados, comprensibles e traballados na aula co o alumnado. A nota da avaliación final será calculada como a media ponderada das notas das tres avaliacións parciais.

Á nota de cada avaliación se lle aplican as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) . Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos. O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas. A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación. Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5. A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias. O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos

expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

Filosofía (4º ESO)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación.

Criterios de cualificación.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (exames, probas escritas de lecturas, comentario de texto, composición, argumentación escrita ou oral...), suporá o 80 % da cualificación global (ata 10 puntos, media aritmética de dúas probas por trimestre).

Estas probas terán a seguinte estrutura:

- Parte I (3.5 puntos): 14 preguntas tipo test con 3 respostas, unha das cales é correcta e 2 incorrectas. 2 respostas erróneas restarán una correcta.
- Parte II (3.5 puntos): 7 preguntas de resposta corta.
- Parte III (3 puntos): 2 preguntas de desenvolvemento ou 1 comentario de texto.

2. O traballo de clase contará un 10%. Este traballo consistirá na realización de cuestionarios, comentarios, etc.

3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 10%.

4. As actividades voluntarias (lecturas e traballos na aula virtual) servirán para redondear ou/subir a nota.

En caso de que nalgunha unidade non se fagan probas/actividades das precisadas nos apartados 2,3,4 anteriores, a súa porcentaxe irá destinada a proba escrita. Todos estes criterios serán avaliados mediante rúbrica con indicadores claros diferenciados, comprensibles e traballados na aula co o alumnado. A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

Á nota de cada avaliación se lle aplican as seguintes regras de redondeo:

(1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5).

(2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Criterios de recuperación.

O procedemento de recuperación será por trimestre a través da realización de probas das unidades ou criterios non superados. Cando un alumno/a teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Educación en Valores Cívicos e Éticos (3º ESO)

Criterios de cualificación e recuperación

Cálculo da nota da 1º avaliación:

- 80% da nota: o resultado da media resultante dos traballos/actividades entregados por escrito.
- 20% da nota: participación activa na clase nos debates e nas actividades de carácter oral. As actividades escritas se irán recollendo ao longo da avaliación polo que o alumnado terá que entregalas o día que lles sexan requiridas. Isto será o que chamaremos “diario de clase” ou “caderno do alumno/a”. O profesor/a usará unha rúbrica para a corrección de actividades A participación e actitude construtiva e respectuosa (non interromper, non monopolizar as intervencións) cos compañeiros nas diferentes actividades de clase (como os debates) serán anotadas no caderno do profesor/a mediante unha lista de cotexo. As intervencións nos debates serán avaliados positivamente cando o alumno/a teña participacións significativas polo menos en sete ocasións durante o trimestre.

Cálculo da nota da 2º avaliación:

- 80% da nota: o resultado da media resultante dos traballos/actividades entregados por escrito.
- 20% da nota: participación activa na clase nos debates e nas actividades de carácter oral. As actividades escritas se irán recollendo ao longo da avaliación polo que o alumnado terá que entregalas o día que lles sexan requiridas. Isto será o que chamaremos “diario de clase” ou “caderno do alumno/a”. O profesor/a usará unha rúbrica para a corrección de actividades A participación e actitude construtiva e respectuosa (non interromper, non monopolizar as intervencións) cos compañeiros nas diferentes actividades de clase (como os debates) serán anotadas no caderno do profesor/a mediante unha lista de cotexo. As intervencións nos debates serán avaliados positivamente cando o alumno/a teña participacións significativas polo menos en sete ocasións durante o trimestre.

Cálculo da nota da 3º avaliación:

Os criterios de avaliación da 3º serán iguais aos da 1ª e 2ª avaliación. Distinguiremos entre a nota da terceira avaliación e a nota final. A nota da terceira avaliación se calculará como é usual facendo a media das distintas actividades - ponderada pola distinta importancia destas- da última avaliación. En cambio a nota da avaliación final calcularase facendo a media das notas acadadas nas avaliacións

primeira, segunda e terceira; unha vez feita esta media truncaremos a número enteiro o resultado obtido (é dicir, descartaremos os decimais)

Cálculo para obter a cualificación final de curso:

A nota final do curso será a media aritmética das tres avaliacións. Con anterioridade a avaliación final o alumnado que non acade o 5 de nota media final poderá realizar exames ou traballos de produción escrita (a determinar polo profesor/a da materia) para recuperar as avaliacións suspensas.

Á nota de cada avaliación se lle aplican as seguintes regras de redondeo:

(1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5).

(2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

Criterios de recuperación:

Cunha avaliación continua e progresiva, iranse aplicando medidas de recuperación en cada avaliación para facer un seguimento exhaustivo das dificultades que presente o alumnado. Polo tanto, deberanse realizar con novas indicacións aqueles traballos ou actividades non entregadas ou realizadas incorrectamente durante a avaliación non superada.

Con respecto á recuperación final, o alumnado que non acade o 5 de nota media final poderá realizar exames ou traballos de produción escrita (a determinar polo profesor/a da materia) para recuperar as avaliacións suspensas, e que versarán sobre aquelas partes da materia non superadas.